# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# CURSO 2021/2022

**CENTRO: IES ALFOZ-VALADOURO**

**CURSO: 2021-22**

**MATERIA: INGLÉS**

**DEPARTAMENTO: INGLÉS**

**DATA: 29/04/2022**

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. A

| 1.-Criterios sobre a avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **3ª Avaliación** | **Cálculo da nota da 3ª avaliación**: a nota da 3ª avaliación calcularase do mesmo xeito que se fixo nas dúas avaliacións anteriores e como se reflicte na programación didáctica, que é a seguinte:<br>**a)**<u>**Probas escritas**</u>: o 75% da nota aplicarase ás probas escritas que comprenden coñecementos tales como a gramática, vocabulario e de comprensión e expresión escrita.<br>**b)**<u>**Probas comprensión oral**</u>**:** o 12,5% da nota aplicarase ás probas de comprensión oral, que serán gravacións de son para logo ser avaliada polo profesor.<br>**c)**<u>**Probas expresión oral**</u>**:** o 12,5% da nota aplicarase á proba/as de expresión escritas sobre os temas reflectidos na programación didáctica.<br><br>O departamento considerará que un alumno/a supera a avaliación cando obtén o 50% na suma das tres probas. |
| | **Procedemento de recuperación da 3ª avaliación:**<br>➤Ao ser avaliación continua, as probas da 3ª avaliación incluirán contidos das anteriores. **A superación da 3ª avaliación supón a superación das anteriores.**<br>➤No caso de que o alumno/a non supere a 3ª avaliación, deberá presentarse a unha **proba final**. |
| **Cualificación final** | **Cálculo para obter a cualificación final de curso:**<br>➤A cualificación final obterase calculando a media aritmética das tres avaliacións.<br>➤Aqueles alumnos ou alumnas que tiveran avaliación negativa na 3ª avaliación (7-8 xuño), terán que presentarse a un exame final. Será un exame de mínimos e incluirá as partes a e b anteriormente sinaladas. Esta proba puntuarase sobre 10 puntos e para superala, o alumno/a deberá obter un 5.<br>Se a nota obtida na proba oscila entre 5 e 7 puntos, obterá unha cualificación de 5. Se a nota está comprendida entre 7 e 9, obterá unha cualificación de 6. Se a nota e superior a 9, o alumno/a obterá unha cualificación de 7.<br><u>➤O alumnado que teña unha cualificación positiva na avaliación final</u>, poderá aumentar a cualificación obtida nun máximo de 10% a través das actividades de reforzo e ampliación que estime o docente. |

| | |
|---|---|
| **Alumnado de materia pendente** | Como se recolle na programación didáctica, para a recuperación da materia do curso anterior, levarase un a cabo un **plan específico** que consistirá no seguinte:<br>-Entrega de actividades (da avaliación) das unidades didácticas que se corresponden co curso pendente.<br>-Proba escrita que comprende coñecementos referidos a gramática, vocabulario e comprensión e expresión escrita, e que deberá ter unha cualificación de =/>4.<br><br>➤A superación da 3ª avaliación suporá a superación das anteriores.<br>Se o alumno/a non obtivera avaliación positiva no plan específico correspondente, poderá presentarse a unha proba final de mínimos en xuño. |

| **2.Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, ampliación e titoría)** | |
|---|---|
| **Metodoloxía** | O período comprendido desde a realización da 3ª avaliación ata a conclusión do período lectivo dedicarase a actividades de apio, reforzo, recuperación e ampliación. |
| **Actividades tipo** | Fill in the gaps, multiple choice, reading comprehension, essays, entre outras que o docente estime oportuno. |
| **Materiais e recursos** | Proxectos, fichas de ampliación e/ou fichas de reforzo, entre outros que o docente estime oportunos. |